

# Resumo programación didáctica

## Proxecto Competencial 4º ESO

### 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais. Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CPI rural. O grupo seleccionado de 4º ESO, está composto por 1 alumna. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

### 2. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Investigo	Realizárase unha investigación sobre as diferencias entre Venezuela e Galicia	33	11	X		
2	Elaboro	Unha exposición contando as diferencias.	34	13		X	
3	E comparto!	Presento o proxecto.	33	11			X

### 3. Criterios de cualificación

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier coa información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Participación activa.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos.

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

## **4. Criterios de recuperación**

No caso de que a alumna non realice as tarefas asignadas e por conseguinte non acadé un 5 na valoración dunha avaliación, terá que realizar unha proba escrita. O profesorado informará á alumna das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.